

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 20 de decembro de 2013 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2012/2013, convocados pola Orde do 22 de xullo de 2013 (Diario Oficial de Galicia do 8 de agosto).*

A Orde do 22 de xullo de 2013 (DOG do 8 de agosto) pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, correspondentes ao curso 2012/2013, establece, no seu artigo 11.2, que o titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicadas as cualificacións obtidas polos candidatos e candidatas no portal educativo <https://www.edu.xunta.es>, resoltas as reclamacións presentadas, vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e a proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

#### RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2012/2013 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Esta orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2013

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





**ANEXO**  
**Premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes**  
**ao curso 2012/2013**

Sol.	Nome e apelidos	Cód. c.	Centro de estudos	Importe
11685	Martínez Álvarez, Úrsula Andrea	36006729	IES Valle-Inclán de Pontevedra	750 €
11270	Cao Labora, Gonzalo	15005221	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda da Coruña	750 €
12463	Machado González, Andrés Eduardo	36013758	IES Laxeiro de Lalín (Pontevedra)	750 €
9263	Cano Vila, Juan Manuel	27006553	IES Xoán Montes de Lugo	750 €
11568	Astray Gómez, Saúl	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela (A Coruña)	750 €
10963	Rey Azurmendi, Thais	36002335	IES Manuel García Barros da Estrada	750 €
9162	Dono Caramés, Ángela	15023466	IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela (A Coruña)	750 €
11091	López Castro, Camilo	27006531	IES Lucus Augusti de Lugo	750 €
10867	Rey Blanco, Sergio	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela (A Coruña)	750 €
11095	Lamas Rodríguez, Brais	15015561	CPR Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela (A Coruña)	750 €
12361	Otero González, Alexis	27006280	CPR Plurilingüe Padres Franciscanos de Lugo	750 €
11073	Bará Louro, María	36006717	IES Sánchez Cantón de Pontevedra	750 €
10860	Acea Figueira, Alejandra	15004125	CPR Eiris da Coruña	750 €
11124	García Conde, María	32008941	IES Eduardo Blanco Amor de Ourense	750 €
11071	Conde Castro, Ainhoa	15003212	IES Agra de Raíces de Cee (A Coruña)	750 €
11113	Novoa Fernández, Julio	36011257	CPR El Pilar de Vigo (Pontevedra)	750 €
11762	López Buitrón, Julia	27015311	IES A Pinguela de Monforte de Lemos (Lugo)	750 €
11461	Vázquez Bouzo, Ana	36010903	CPR Plurilingüe Apóstol Santiago de Vigo (Pontevedra)	750 €
11280	Carrera Pérez-Cosío, Pablo	36019921	CPR Los Sauces de Mos (Pontevedra)	750 €
12060	Vidal González, Andrés	36006717	IES Sánchez Cantón de Pontevedra	750 €

O alumnado premiado deberá acreditar, no prazo de dez días, a información requirida no artigo 12.2 da Orde do 22 de xullo de 2013 (DOG do 8 de agosto).